

**Resolución reitoral de concesión directa de bolsa a estudantes para o desenvolvemento do regulamento de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo durante o curso 2025/2026**

A Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario establece no seu artigo 37 que as universidades adoptarán medidas de acción positiva para que o estudantado con discapacidade poda desfrutar dunha educación universitaria inclusiva, accesible e adaptable, en igualdade co resto do estudantado.

O Estatuto do estudante universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, establece no artigo 12 que se «establecerán os recursos e adaptacións necesarias para que os estudantes con discapacidade poidan exercer os dereitos en igualdade de condicións que o resto de estudantes, sen que iso supoña diminución do nivel académico esixido».

A Estratexia española sobre discapacidade 2022-2030 establece, como reto estratéxico 6.2, “promover e mellorar a inclusión de persoas con discapacidade como alumnado en la educación superior, con la dotación adecuada de recursos e produtos de apoio que posibiliten o seu acceso e permanencia”. Tamén establece como obxectivo “asegurar mecanismos normativos de permanencia, participación e progreso das persoas con discapacidade na educación superior”.

Os Estatutos da Universidade de Vigo, establecen no seu artigo 64 que o estudantado ten dereito a “recibir atencións específicas acordes coas circunstancias particulares do estudantado con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes; deste xeito garantírase o seu dereito á educación”. Así mesmo os Estatutos establecen no artigo 72 a posibilidade de establecer un programa propio de subvencións dirixido á integración de persoas con necesidades educativas especiais. Deste xeito os orzamentos anuais contemplan os correspondentes créditos orzamentarios necesarios para a cobertura de tales subvencións.

O Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo aprobado no Consello de Goberno do 24 de xullo de 2013 e modificado no Consello de Goberno de 13 de novembro de 2018, establece as accións a levar a cabo para fomentar e garantir a permanencia destes estudantes na Universidade de Vigo. Os artigos 12 e 13 regulan o “programa de atención personalizada para cada estudante” que terá como finalidade adecuar o proceso de ensinanza-aprendizaxe en función das súas posibilidades individuais.

A *Comisión Técnica de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo*, creada a través do artigo 4 do Regulamento, é a responsable de elaborar o programa personalizado en función das necesidades expresadas por cada persoa, e de trasladar os devanditos programas á *UNATEN (Unidade de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo)* para que artelle os mecanismos e recursos necesarios para a súa execución e seguimento. A Universidade de Vigo, a través dos orzamentos anuais contempla o crédito necesario para que as medidas de integración aprobadas sexan atendidas a través de subvencións públicas.

En ocasións, o programa de atención inclúe a colaboración dun/unha estudante do mesmo centro, e preferiblemente dos mesmos estudos que a persoa que debe ser atendida, sendo

primordial o aspecto humano do acompañamento que esixe que o/a acompañante sexa unha persoa da súa confianza coa que teña contacto directo. Dado o carácter singular da colaboración derivado do feito de que a actividade obxecto da subvención é indisoluble da especial vinculación xa existente entre ambas persoas, resulta imposible na práctica proceder á convocatoria pública da subvención ligada á colaboración, nin a comparación e prelación de solicitudes propia dun procedemento de concorrencia competitiva.

En cumprimento deste precepto e atendendo as específicas necesidades que cada estudante presenta e coa finalidade de facilitar o seu acceso e plena integración no centro de estudos garantindo a asistencia integral,

Unha vez vista a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento. En virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

**Esta Reitoría resolve** conceder con carácter excepcional en réxime de concesión directa, en atención ao interese público, social e humanitario do seu obxecto, coas seguintes bases:

#### 1. Obxecto

A finalidade da bolsa é o apoio ao *Programa de atención personalizada* de estudantes con necesidades educativas especiais, de acordo co establecido nos programas de atención personalizada e co contido específico que figura na base cuarta.

#### 2. Procedemento de concesión.

A bolsa regulada nesta Resolución reitoral ten carácter singular, polo que se autoriza a súa concesión directa á persoa designada como alumno colaborador, en aplicación do previsto nos artigos 22.2.c) e 28 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, por concorrer razóns de interese público, social e humanitario.

Serán beneficiarios desta subvención en base ao informe técnico da Comisión técnica de 17 de decembro de 2025:

- **Javier Acebo Lago**, estudante da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, como alumno colaborador de ██████████.
- **Noelia Justo Juvino**, estudante da Facultade de Química como alumna colaboradora de ██████████.
- **Javier Besada Moldes**, da Escola Superior de Enxeñaría Informática como alumno colaborador de ██████████.

Para acceder á condición de beneficiario/a é necesario aceptar a bolsa, no prazo máximo de 5 días a contar dende a data de notificación, a través do seguinte [formulario aceptación bolsa](#)

Esta concesión queda condicionada a que se manteña o obxecto da bolsa.

Non poderá ter a condición de beneficiario a persoa na que concorran algunhas das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### 3. Dotación, contía e pagamento

1. Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2026 00EX 121D 482.06 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 3.600,00€, para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
2. A contía individual máxima da bolsas será de 1.200 euros. Está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.
3. O pagamento da bolsa efectuarase mediante transferencia bancaria, tras a presentación do informe da persoa responsable de discapacidade no centro, en dous prazos:
  - 200 € no mes de febreiro de 2026
  - 1000 € no mes de xuño de 2026

### 4. Actuacións a financiar e dedicación

As persoas beneficiarias deberán colaborar co estudante con necesidades educativas especiais ao longo de todo o curso académico 2025/2026 nas seguintes accións:

- a) Realizar unha labor de comprobación do material en relación cos contidos de aprendizaxe.
- b) Realizar un labor de especificación das tarefas, traballos e os procesos de avaliación específicos relacionadas, así como das datas e outras actividades de interese académico e/ou social.
- c) Realizar a supervisión das axendas persoais do alumno.
- d) Facer a atención directa durante o proceso de desenvolvemento dos coñecementos, en función das materias concretas na que estea matriculado o alumno.
- e) Prestar as axudas necesarias de mediación cognitiva, coa indicación e supervisión do coordinador do programa, que faciliten o desenvolvemento das capacidades e competencias que se indiquen.
- f) Establecer o apoio necesario para aplicar as competencias adquiridas polo alumno á práctica académica e social.
- g) Prestar axuda no uso e acceso a bases de datos e a documentación para a elaboración de contidos e realización de traballos de clase.
- h) Colaborar co alumno no deseño e organización dos traballos de clase.
- i) Colaborar co alumno na aplicación á práctica e/ou exposición dos traballos de clase.
- j) Axudar ao alumno nos procesos de interacción social en relación coas actividades académicas.
- k) Aquelas outras que poidan xurdir como consecuencia da avaliación progresiva das necesidades do citado alumno.

### 5. Renuncia

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas a través de instancia xenérica (SXER). Unha vez aceptada a renuncia o pago da bolsa será proporcional ao tempo en que prestou a colaboración.

## 6. Obrigas da persoa beneficiaria

O/As adxudicatario/as das bolsas quedarán obrigado/as a:

- Estar matriculado/a durante todo o curso académico 2025/2026.
- Colaborar co centro docente e a Vicerreitoría de Extensión Universitaria, en todo canto sexa necesario para levar adiante estas axudas.
- Colaborar en todo momento coa persoa responsable de discapacidade do centro de estudos.
- Comunicar os cambios que se produzan nas condicións iniciais de concesión da bolsa.
- Presentar unha memoria final, co informe favorable da persoa responsable de discapacidade no centro, que xustifique o cumprimento da subvención no prazo de un mes a contar dende a finalización do programa para o que se dispón o modelo do Anexo I, dirixida á Sección de Axudas e Bolsas.

A Sección de Axudas e Bolsas enviará á Comisión Técnica a memoria presentada, xunto cun informe da persoa responsable do centro acerca do cumprimento do programa.

As persoas beneficiarias debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lles sexa de aplicación.

## 7. Incompatibilidades

A bolsa é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para o mesmo fin.

## 8. Reintegro da axuda e perda do dereito de cobro total ou parcial

Son causa de reintegro e perda do dereito de cobro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.
- O incumprimento do desenvolvemento das actividades propias da bolsa, previa tramitación de expediente contradictorio, que se iniciará, de ser o caso, mediante informe desfavorable da persoa responsable de discapacidade do centro.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

## 9. Transparencia

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**10. Protección de datos**

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da firma electrónica

O reitor

Por delegación 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo

ANEXO I  
MEMORIA FINAL

Don/a .....

Alumno/a da titulación de .....

No Centro de estudos .....

Que ten concedida unha bolsa de .....

Realizou as seguintes actividades relacionadas coa acción subvencionada (desglosar actividades e data de realización):

En ..... a ..... de ..... de .....

A persoa interesada,

Informa favorablemente  
(responsable PIUNE do Centro)